

ACTA NÚM. 4 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DA SELECCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AXENTES DE IGUALDADE

Proceso selectivo: LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL AXENTES DE IGUALDADE:
Valoración das reclamacións ás preguntas da proba tipo test

En reunión telemática, ás 16:00h do día 24/01/2022 reúnense os membros do tribunal que valorarán o proceso para a elaboración da LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL DE AXENTES DE IGUALDADE DE RIANXO.

Reúnense:

Presidenta: María Carmen Teijido López
Vogal: Martina Martínez Pérez
Vogal: M^a Uxía Cespón Ordóñez
Vogal: : Ramón Villanustre Ordóñez,
Secretario: Baltasar Figueiras Martínez

Primeiro: habendo reclamacións ás preguntas tipo test da primeira proba dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación dos resultados, tal e como se especifica nas bases, e facendo revisión das mesmas.

Acórdanse as seguintes decisións:

1. Rectificar as respostas 8 e 14 ao detectarse erros de transcripción no cadro de respostas publicadas o 17 de xaneiro do 2022.
 - Resposta correcta da Pregunta 8: A.
 - Resposta correcta da Pregunta 14: A
2. Anular a pregunta 41 por basearse nunha lei derogada. Substitúese pola segunda pregunta de reserva.
3. Non aceptar as alegación sobre ás preguntas:
 - Pregunta 19. Xustificación: No marco do Convenio 111 da OIT e de conformidade coa Observación Xeral de 2012 da Comisión de expertos da OIT, as definicións de acoso sexual conlevan dous elementos definitorios: 1) quid pro quo e 2) entorno de traballo hostil.
 - Pregunta 37. Xustificación: No apartado 4 da Guía de Recursos fronte á violencia de xénero publicada en 2020 quedan establecidos os recursos de aloxamento, determinando que son: 4.1. Rede galega de acollemento, 4.2. Traslado puntos de acollido – Fegataxi, e 4.3. Bono de alugueiro social.

Segundo: xúntase cadro de respostas rectificado da proba tipo test.

Terceira: **RESULTADOS** da proba tipo test

Vólvense calcular os resultados sendo a puntuación obtida a seguinte:

NÚM. ORDE	APELIDOS E NOME	PROBA TEST	APTA
1	ARÍS COUSO, ANDREA	27,5	SI
2	CASTELLANOS ALONSO, IRIA	24,5	NON
3	LOSADA CORTIZAS, SABELA	25,25	SI
4	MOSCONI CADILLO, ANA	27	SI
5	PIÑEIRO RIAL, CRISTINA	28,75	SI
6	SIEIRA GARCÍA, DIANA	12,75	NON

As persoas cualificadas como non aptas quedan excluídas do proceso.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 17:45 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada polos membros do Tribunal asistentes.

Asinan a presente acta.

Asdo: María Carmen Tejjido López	Asdo: Martina Martínez Pérez
	Asdo: M ^a Uxía Cespón Ordóñez
Asdo: Ramón Villanustre Ordóñez	Asdo: Baltasar Figueiras Martínez